



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2011

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2011 en Galicia presenta un descenso interanual do 7,1%, 6,7 puntos superior ao descenso do mes precedente. En España a taxa interanual acadou un valor do -7,0%, 2,5 puntos superior ao descenso do mes de outubro.

Por destino económico dos bens a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral en Galicia é a seguinte:

- Os **bens de consumo** decrecen un 4,2% e achegan -1,2 puntos á taxa de crecemento do índice xeral.
- Os **bens de equipo** acadan unha repercusión negativa de 4,0 puntos; debido a un descenso interanual do 16,6%, o maior descenso de todos os sectores.
- Os **bens intermedios** caeron un 4,7% con respecto a novembro de 2010, este descenso repercute minorando en 1,3 puntos a variación interanual do índice xeral.
- Por último, as ramas **enerxéticas** descendieron un 3,0% e teñen unha repercusión negativa de seis décimas.

Nos once primeiros meses do ano o descenso do índice xeral con respecto ao mesmo período do ano anterior foi do 7,0%; o maior descenso corresponde ás ramas enerxéticas, un 11,4%, cunha repercusión no crecemento acumulado interanual do índice xeral de -2,6 puntos porcentuais.

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2011

|                  | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                   | REPERCUSIÓN (%) |                   |
|------------------|--------|----------------|-------------------|-----------------|-------------------|
|                  |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL      | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>Galicia</b>   |        |                |                   |                 |                   |
| Xeral            | 87,6   | -7,1           | -7,0              | --              | --                |
| Bens de consumo  | 93,6   | -4,2           | -5,9              | -1,2            | -1,6              |
| Bens de equipo   | 82,6   | -16,6          | -9,3              | -4,0            | -2,1              |
| Bens intermedios | 83,7   | -4,7           | -2,7              | -1,3            | -0,7              |
| Enerxía          | 91,2   | -3,0           | -11,4             | -0,6            | -2,6              |
| <b>España</b>    |        |                |                   |                 |                   |
| Xeral            | 84,0   | -7,0           | -1,4              | --              | --                |
| Bens de consumo  | 94,0   | -4,3           | -1,2              | -1,3            | -0,4              |
| Bens de equipo   | 81,2   | -7,4           | 1,1               | -1,5            | 0,2               |
| Bens intermedios | 74,6   | -10,0          | -2,1              | -3,5            | -0,7              |
| Enerxía          | 93,1   | -5,2           | -3,3              | -0,7            | -0,5              |

Fonte: INE

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

A rama que presenta a maior achega positiva ao crecemento de novembro é: “Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado” cunha achega de 0,8 puntos á taxa interanual do índice xeral debido a que creceu un 5,2%. Outras ramas con achegas positivas son: “Fabricación de maquinaria e equipamento”, “Fabricación de bebidas” e “Metalurxia” que presentan unhas taxas interanuais do 15,9%, 13,1% e do 6,6% respectivamente, coas correspondentes repercusións na taxa interanual do índice xeral de 0,6 na primeira e 0,4 puntos nas dúas últimas ramas.

As ramas con achega máis negativa son: “Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento “ que cun descenso do 31,4% achega 3,1 puntos negativos e “Coquerías e refinación de petróleo” que minora 1,4 puntos o crecemento do índice xeral debido a que decreceu un 26,7%.

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2011**

| Ram as  | VARIACIÓNS (%) |                 |                      |                 | Pondera<br>cións |
|---|----------------|-----------------|----------------------|-----------------|------------------|
|   | Interanual     | Repercu<br>sión | No que vai<br>de ano | Repercu<br>sión |                  |
| <b>Total</b>  | <b>-7,1</b>    |                 | <b>-7,0</b>          |                 |                  |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado    | 5,2            | 0,8             | -9,0                 | -1,4            | 13,8             |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.                        | 15,9           | 0,6             | -15,6                | -0,7            | 2,9              |
| Fabricación de bebidas  | 13,1           | 0,4             | 2,1                  | 0,1             | 2,7              |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas    | 6,6            | 0,4             | 3,9                  | 0,2             | 6,1              |
| Industria do papel  | 16,6           | 0,3             | 10,0                 | 0,2             | 1,3              |
| Industria da alimentación   | 1,4            | 0,2             | 4,2                  | 0,6             | 12,9             |
| Outras industrias manufactureiras                                     | 2,3            | 0,0             | -6,3                 | -0,1            | 1,9              |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento                  | 167,9          | 0,0             | 73,8                 | 0,0             | 0,0              |
| Extracción de antracita, hulla e lignito                              | 0,0            | 0,0             | 0,0                  | 0,0             | 0,3              |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico                       | -0,5           | 0,0             | -11,1                | -0,1            | 1,3              |
| Industria do coiro e do calzado                                       | -48,4          | 0,0             | -45,5                | 0,0             | 0,0              |
| Industria téxtil  | -29,6          | -0,1            | -11,4                | 0,0             | 0,7              |
| Fabricación de produtos farmacéuticos                                 | -22,7          | -0,1            | -3,0                 | 0,0             | 0,1              |
| Fabricación de mobles   | -9,7           | -0,1            | -6,3                 | -0,1            | 2,1              |
| Industria química   | -12,1          | -0,2            | -5,6                 | -0,1            | 1,3              |
| Outras industrias extractivas   | -9,7           | -0,2            | -22,9                | -0,4            | 1,8              |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos                         | -16,2          | -0,2            | -8,7                 | -0,1            | 1,3              |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos          | -20,9          | -0,2            | -25,5                | -0,3            | 1,0              |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | -8,7           | -0,3            | -1,8                 | -0,1            | 5,2              |
| Fabricación doutro material de transporte                             | -12,7          | -0,6            | -16,9                | -0,8            | 5,0              |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques         | -7,5           | -0,7            | 9,2                  | 0,7             | 8,9              |
| Confección de roupa de vestir   | -15,8          | -0,7            | -28,2                | -1,7            | 6,1              |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados                     | -35,9          | -0,8            | -3,4                 | 0,0             | 1,6              |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos                   | -26,3          | -1,2            | -10,8                | -0,5            | 6,4              |
| Coquerías e refinación de petróleo                                    | -26,7          | -1,4            | -17,6                | -1,1            | 6,3              |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento      | -31,4          | -3,1            | -13,4                | -1,2            | 9,0              |

Fonte: INE

No que vai de ano a rama cunha repercusión máis positiva é a de “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques”, que achega 0,7 puntos á taxa interanual do índice xeral.

A repercusión máis negativa recae na rama de “Confección de roupa de vestir” que cun descenso do 28,2% nos once meses resta 1,7 puntos á variación interanual acumulada do índice xeral.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 15,8% de Extremadura e o -14,2% de Balears. Presentan crecementos inferiores á media nacional: Aragón (-7,1%), Galicia (-7,1%), País Vasco (-7,8%), Rioja (-8,0%), Cataluña (-9,7%), Madrid (-9,9%), Comunitat Valenciana (-10,7%), Castilla - La Mancha (-12,3%) e Balears (-14,2%).

O crecemento acumulado no que vai de ano foi do -1,4% a nivel nacional, neste caso o maior crecemento correspóndelle a Cantabria (5,5%) e o menor a Canarias (-7,5%). As seguintes comunidades rexistran crecementos inferiores á media nacional: Navarra (-1,6%), Cataluña (-1,8%), Castilla - La Mancha (-1,9%), Comunitat Valenciana (-3,7%), Balears (-4,0%), Andalucía (-4,3%), Galicia (-7,0%) e Canarias (-7,5%),


**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2011**

| CCAA                 | ÍNDICE      | VARIACIÓNS (%) |                   |
|----------------------|-------------|----------------|-------------------|
|                      |             | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>España</b>        | <b>84,0</b> | <b>-7,0</b>    | <b>-1,4</b>       |
| Extremadura          | 98,2        | 15,8           | -0,4              |
| Murcia               | 90,7        | 12,5           | -0,3              |
| Castilla y León      | 92,1        | 0,7            | 4,1               |
| Cantabria            | 106,9       | -2,7           | 5,5               |
| Canarias             | 83,0        | -3,4           | -7,5              |
| Andalucía            | 78,2        | -3,6           | -4,3              |
| Navarra              | 94,7        | -5,7           | -1,6              |
| Asturias             | 84,6        | -7,0           | 1,7               |
| Aragón               | 86,7        | -7,1           | 1,7               |
| <b>Galicia</b>       | <b>87,6</b> | <b>-7,1</b>    | <b>-7,0</b>       |
| País Vasco           | 90,1        | -7,8           | -0,4              |
| Rioja (La)           | 88,6        | -8,0           | 2,5               |
| Cataluña             | 87,1        | -9,7           | -1,8              |
| Madrid               | 87,7        | -9,9           | 1,3               |
| Comunitat Valenciana | 79,5        | -10,7          | -3,7              |
| Castilla - La Mancha | 83,6        | -12,3          | -1,9              |
| Balears (Illes)      | 55,4        | -14,2          | -4,0              |

Fonte: INE

#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras e o subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, que son, respectivamente, as seccións B, C e D da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 13.200 establecementos en España e 1.649 en Galicia.